

BRAVAS POLO MAR

Plan Proxecta Donas de Si 2023/2024

CEIP PLURILINGÜE SOUTO DONAS



Sobre nós....

Ao longo deste curso académico 2023/2024 , o alumnado de 1º ciclo de educación primaria do CEIP Plurilingue Souto Donas (Gondomar, provincia de Pontevedra) participou no proxecto Donas de Si, enmarcado dentro do Plan Proxecta, baixo o nome de "BRAVAS POLO MAR."

Integrado dentro do noso PDI de centro "Amar o mar" apostamos por investigar as mulleres que durante tantos anos se aventuraron a traballar no mundo mariñeiro a pesar de que sempre estivo visto como un traballo especificamente masculino. Investigamos sobre mulleres da nosa zona e sobre mulleres con prestixio mundial que axudaron a mudar esas creencias e a darlle un xiro ao mundo laboral, deixando atrás medos e enfrontándose a milleiros de opinións.

Así mesmo, aproveitamos para agradecer a boa disposición das mulleres que contribuíron con nós de forma totalmente desinteresada , transmitíndonos eses valores de amor cara o mar e cara a igualdade, facéndonos ver que todas e todos podemos chegar onde queiramos sempre que exista o respecto e a empatía. Grazas por ser un faro na nosa travesía.


Recordar que neste proxecto participaron de forma directa 57 nenos/as de idades comprendidas entre 5 e 8 anos e 3 mestras.



NATALIA, PERCEBEIRA

Natalia veu a explicarlle ao noso alumnado como é o seu oficio de mariscadora.

Explicáronnos que capturan principalmente percebes, ourizos de mar, anemonas e navallas e para iso empregan diferentes ferramentas e técnicas.



Utilizan unha bolsa de rede para transportar as súas capturas e unha báscula sinxela para asegurarse que colleitan a cantidade correcta.



Explicáronnos que eles capturan principalmente percebes, ourizos de mar, anemonas e navallas e para iso empregan diferentes ferramentas e técnicas.

Contáronnos que as navallas viven enterradas na area e captúranse a man una a unha mergullando a pulmón, detectándoas polos pequenos montoncitos de area en forma de oito que deixan ao enterrarse.



ÁNGELES ALVARIÑO

ALBERTO GONZÁLEZ GARCÉS, exalumno da bióloga mariña Ángeles Alvariño veu ao noso centro para contarnos como foi traballar con unha bióloga tan importante como foi Ángeles Alvariño. Falounos da súa vida como mestra, como compañeira de traballo, como amiga e como investigadora.



Alberto tamén contounos que Ángeles recibiu unha beca para seguir estudando estes pequenos organismos en Inglaterra, onde se converteu na primeira muller científica en traballar a bordo dun barco británico de investigación. Continuou as súas investigacións en EEUU no Instituto Scripps de Oceanografía, en California, onde permaneceu ata 1969 analizando miles de mostras de plancto de todo o mundo.



Alberto foi investigador mariño no Instituto Español de Oceanografía, Director do Centro Tecnolóxico del Mar (FUNDACIÓN CETMAR), director do Centro Oceanográfico de Vigo, presidente do Comité Científico da Comisión Internacional para a Conservación dos Atunes de Atlántico e presidente do Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca da Unión Europea. Traballou na Comisión Europea en Bruxelas participando na concepción da Política Pesqueira Común.

MULLERES NA CIENCIA

Carmen, nai de Alía, preparou xunto coas profes e coa axuda de Natalia ,nai de Nora, unha serie de actividades para darnos a coñecer mulleres moi distintas que ao longo da historia contribuíron de maneira decisiva ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía.


Formamos diferentes equipos e pasamos por unha serie de probas nas que iamos conseguindo as pistas para descifrar o nome das distintas científicas e así tamén coñecer os seus logros.




Jeane Baret



Katerine Johnson



Hedy Lamarr



Josefina Castellvi



Anita Conti

Marie Tharp



BIÓLOGAS MARIÑAS

Mima, Águeda, Uxía e Pilar, biólogas mariñas do Centro Ocenográfico de Vigo, organizaron uns obradoiros para ensinarnos en que consiste o seu traballo e de como os descubrimentos que fan beneficiannos a todos.

As sentinelas do mar.

No laboratorio do Instituto analízanse os mexillóns de rocha e a area do fondo do mar, para saber se o mar está contaminado.



Os peixes. As científicas do Instituto investigan os peixes, para saber cantos hai no mar e cantos se poden pescar. Tamén investigan a súa idade, a cantidade de ovos que poñen e en que época do ano se reproducen.



Microalgas. As microalgas son a "herba" do mar, da que se alimentan os peixes e o marisco. Pero algunhas teñen toxinas e son nocivas para os humanos. No Instituto investigan que microalgas son nocivas, en que temporada o son e por qué crecen nas rías. Fano para evitar os danos que poden causar na saúde dos consumidores



Os océanos. Na Terra hai 3 veces máis auga de mar que terra. E nesa masa de auga viven os peixes e todos os organismos mariños. Por iso é tan importante a saúde dos océanos. Para saber como se encontra o mar, as científicas do Instituto investigano dende os barcos. As científicas comunicanlle ás autoridades como está o mar, para que o protexan, se é preciso.



Observando os **otolitos** sábese cantos anos ten un peixe. Os otolitos están no interior da cabeza dos peixes. Teñen bandas opacas e translúcidas, chamadas aneis de crecemento. Contando estes aneis sabemos cantos anos ten o peixe.



SANDRA FERNÁNDEZ

Apareceu na nosa biblioteca dun xeito misterioso unha moto de auga xunto cun traxe de neopreno, luvas, escafpíns, un casco... De quen podía ser todo isto? - Empregando as nosas dotes de detectives e a nosa imaxinación, intentamos descubrir quen podía ser a persoa que pilotaba esa moto. cada un de nós fixemos un retrato robot e unha descripción para intentar descubrir o misterio...

O 8 de Maio descubrimos de quen se trataba : Sandra Fernandez , **campiona do mundo da modalidade de Jet Ski**

Sandra contounos a súa historia e tamén como son as motos de auga, que facer para pilotalas e que normas de seguridade debemos respectar.



A mensaxe que me gustaría facervos chegar, é que as mulleres somos fortes, o meu pai apostou por min e deume as mesmas oportunidades que ao meu irmán, pero eu seguí o camiño e el non.



Gañei probas do Campionato do Mundo en Eivissa, Qatar e China.



E por fin, participando no campionato de Europa puiden competir só con mulleres. Obtendo a miña medalla de campioa de Europa de Jetski e a consecuencia poder participar no campionato do mundo.